

Unha lectura que a ninguén desagradará

Gracia Santorum *Texto*

A firma a autora de *A lúa da colleita*, Anxos Sumai, que non sabe por que a len, tan só sabe por que escribe. Só os lectores e as lectoras poderán contestar unha dúbida coma esta. Fácil, por outra parte, de responder, despois de achegarse a este o seu último libro e sermos quen de gozar cunha obra apaixonante e diferente. Iso si, unha novela pouco compracente co posible lector ou lectora que debe estar alerta en todo momento, procurando aqueles signos agochados, quizais baixo palabras, quizais baixo puntos -suspensivos ou non-para tentar comprender unha atmosfera que por veces tórnase irrespirable. E intensa.


Declara tamén a autora que a historia atrápa. Tamén iso sucederá a quen teña o libro entre as súas mans: verase firmemente capturado nunha tea de araña da que, pensará, só poderá fuxir cando remate de ler. Errados andabamos: Nuria e Bet, protagonistas -ou protagonista?- seguirán vivindo connosco aínda ben tempo. Non nos tolearán, por sabermólas imaxinarias, pero si nos retorcerán de cando en vez as sombras multicolores dos días húmidos do noso inverno. Chegaremos a reconciliarnos con elas?

Porque se ben a novela que nos ofrece Anxos transcorre nos días de sol do verán, nós lémolos nun inverno devastado por continuas cicloxéneses explosivas. Curioso. Curioso sentir esa calor da que nos fala a autora e que lle serve para contrastar cos sentimentos da protagonista. Curioso que namentres nós, lectores e lectoras, sintamos unha caloríña de mar mentres oímos os refachos de vento e convivamos coa escuridade que mergulla a protagonista. Unha escuridade maiormente comprensíbel na invernia estacional da nosa terra.

Quizais sexa grazas á nosa posición, quizais sexa a que nos situemos ben afastados por estar do outro lado das páxinas. Acomodámonos nós no Monte Xiabre para contemplar unha acción que nos envolve? Somos quen de non inmiscirnos? Ou, pola contra, desexamos berrar que a verdade só se topa nun mesmo? Quizais sexamos só observadores na distancia, pero...daremos fuxido moito tempo de Bet? Permaneceremos impávidos ante a violencia? Gozaremos ao sentírmolos seguros? Estámolo? Será unha resposta afirmativa porque comprobamos ao final da

lectura que esa dualidade, esa violencia contra un mesmo, é exercida só en determinados casos, como a que ocupa a nosa protagonista. E de novo un quizais. Quizais agora miremos arredor con outros ollos, vendo a violencia diaria como algo implicitamente establecido por unha sociedade que non nos gusta pero da que formamos parte. E quizais sexa esa a intención da autora: facernos cómplices e sabedores de que calamos día tras día, que vivimos alleos a aquilo que, por forza, concírnenos. É sempre máis doado mirar para outro lado. Non reaccionar. Non observar. Non buscar dentro de nós mesmos un mínimo de complicidade que non fose estática, que berrase para tentar desequilibrar o que vive nun desequilibrio continuo.

E os quizais continuos que nos provoca o libro convértese nunha soa seguranza: convidarvos a unha lectura que a ninguén desagradará.



A lúa da colleita
Anxos Sumai
Galaxia, 2013

Quizais agora miremos arredor con outros ollos, vendo a violencia diaria como algo implicitamente establecido por unha sociedade que non nos gusta pero da que formamos parte. Quizais sexa esa a intención: facernos sabedores de que calamos, que vivimos alleos a aquilo que, por forza, concírnenos.